



CORPUS CHRISTI 2014 CERTAME DE ALFOMBRAS FLORAIS

BASES

1ª. Establécense como zonas de execución do Certame das Alfombras Florais 2014, as seguintes Rúas:

1.- RÚA MANUEL VALVERDE.

2.- RÚA CONDE I (dende a praza das Teresinas ata o cruce coa rúa do Reloxo).

3.- RÚA CONDE II (dende a rúa do Reloxo ata a rúa A Guarda).

4.- RÚA CONDE III (dende a esquina da rúa A Guarda ata o nº 1 de rúa Conde).

5.- RÚA VENTURA MISA I (dende a Praza do Cine ata o Concello Vello).

6.- RÚA VENTURA MISA II (dende o Concello Vello ata o cruce coa rúa do Reloxo).

7.- RÚA VENTURA MISA III (dende a rúa do Reloxo ata a rúa Lorenzo de la Carrera).

8.- LORENZO DE LA CARRERA I (dende esquina rúa Ventura Misa ata Capela Misericordia).

9.- LORENZO DE LA CARRERA II (dende a Capela da Misericordia ata a Praza das Teresinas).

10.- RÚA SAN LORENZO.

11.- RÚA SAN XOÁN I (dende a esquina de San Lorenzo ata O Candil).

12.- RÚA XAN XOÁN II (dende O Candil ata Santa Liberata).

13.- RÚA SANTA LIBERATA I (dende as escaleiras da rúa Manuel Valverde ata rúa San Xoán)

14.- RÚA SANTA LIBERATA II (dende a esquina da rúa San Xoán ata a entrada da Igrexa de Santa María)

ALTARES:

14.- ALTAR DA PRAZA DAS TERESINAS

15.- ALTAR DA PRAZA DO CINE VELLO (esquina Ventura Misa-Conde)

16.- ALTAR DA CAPELA DA MISERICORDIA

17.- ATRIO DA IGREXIA DE SANTA MARIA DE BAIONA

2ª. Os colectivos ou persoas que desexen participar na confección das alfombras nalgunha das zonas establecidas, deberán cubrir a folla de inscrición e entregala no Rexistro do Concello, dende o 27 de maio ata o 20 de xuño ámbolos dous inclusive. A Procesión coincide o domingo 22 de xuño. Na solicitude deberá figurar o contido e deseño das alfombras (tema relixioso, formas xeométricas, etc).

3ª. Constituirase un só equipo por cadansúa zona. Os compoñentes de cada equipo elixirán entre si un representante como responsable da organización, xestión, finanzas, etc., A organización reservase o dereito a selecciona-las inscricións que escollan a mesma rúa ou praza para facer as alfombras.

4ª. A confección das alfombras, poderá comezar a partir das dez da noite da víspera da Procesión, hora na que quedarán pechadas ó tráfico as devanditas zonas.

5ª. O confecciona-las alfombras deixarán a ambalás dúas beiras, unha marxe suficiente que permita a libre circulación das persoas.

6ª. Poderá empregarse calquera elemento natural (follas, cascas, palla, serrín, café, sal, funcho, etc.) pero deberán predomina-las flores naturais.

7ª. As Alfombras deberán ser continuas e non intermitentes no tramo seleccionado, axustándose a descrición da rúa escollida na instancia presentada no rexistro.

8ª. A Concellería de Cultura de Baiona e ACEBA coa intención de fomenta-la participación dos colectivos implicados na confección das alfombras florais, outorgará unhas axudas directas a cada participante por importe de 200 euros por alfombra (cunha dimensión mínima de 40 metros lineais) e 50 euros por altar (cunha dimensión mínima de 3x3 metros lineais), e sempre que cumpran os requisitos das presentes bases. A participación no certame supón a aceptación das presentes bases.

Asdo. : Jesús Vázquez Almúñia
ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo.: Marcos Gomesaña Chamorro
PRESIDENTE - ACEBA